



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Servizo de Medio Ambiente

ANEXO EXPROPIATORIO DO PROXECTO: "CONSTRUCCIÓN DO PARQUE CENTRAL DE GALICIA NO LUGAR DE NUGALLÁS. ANTAS DE ULLA. LUGO"

1.- ANTECEDENTES.-

Con data 23 de decembro de 2021 e CSV IV7CU3P32A5ILD56VHFGLTWOE, o proxecto denominado: "PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DEL PARQUE CENTRAL DE GALICIA EN EL LUGAR DE NUGALLÁS. ANTAS DE ULLA. LUGO" recibe informe favorable de supervisión emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación Provincial de Lugo.

Do mesmo xeito este proxecto de obras foi aprobado pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2021 (CSV IV7CVTSONE74YTFJC5VWCRDWEQ).

Para o desenvolvemento do mesmo é necesario a ocupación de terreos de titularidade privada.

Na maioría das fincas chegouse a un acordo cos titulares das mesmas formalizáronse adquisicións, compras,etc...

Sen embargo, na finca coa referencia catastral 27003A076001550000XH non se puido chegar a un acordo de compra cos titulares, polo que se fai preciso proceder á expropiación forzosa.

2.- BASES LEGAIS e XUSTIFICACIÓN .-

Coa adquisición destes bens preténdese dispoñer dunha superficie que faga viable e rendible a creación e mantemento dunha zona verde como a que se pretende desenvolver e poñer en valor o lugar coma un espazo que sexa compatible co uso público debido ao seu interese medioambiental, turístico e de lecer. Por elo a Deputación de Lugo quere proceder á adquisición da parcela recollida anteriormente.

O artigo 15 da LEF establece que a administración resolverá sobre da necesidade concreta de ocupar os bens ou adquirir os dereitos que sexan estritamente indispensables para o fin da expropiación, para o cal estes deben ser identificados e descritos material e xuridicamente.

Segundo o artigo 17.1 da LEF, a efectos do disposto no 15, o beneficiario estará obrigado a formular unha relación concreta e individualizada dos bens e dereitos que se considere necesario expropiar.

Ademais segundo o artigo 17.2 ca aprobación do presente anexo de expropiación do proxecto que inclúe a descrición material e xurídica, a relación concreta e individualizada e plano parcelario, a **necesidade de ocupación** entenderase implícita.

	IV7XSCXINQW4ZLONWMIBNZIU4I	Fecha y Hora	18/04/2024 10:17:15	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XSCXINQW4ZLONWMIBNZIU4I	Página	1/3	



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Servizo de Medio Ambiente

3.- CONCLUSIÓNS .-

Polo tanto, redáctase o presente anexo coa finalidade de cumprimentar o proxecto e para que sirva de base para o inicio e desenvolvemento do expediente expropiatorio dos bens necesarios a ocupar, describindo, en todos os aspectos, material e xurídico, en cumprimento do establecido nos citados anexos 15 e 17 da LEF.

O presente anexo será proposto a aprobación pola Xunta de Goberno e posteriormente sometido a información pública xunto coa relación concreta e individualizada de bens a expropiar de acordo co artigo 18 da LEF.

4.- RELACIÓN DE BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO: "CONSTRUCCIÓN DO PARQUE CENTRAL DE GALICIA EN EL LUGAR DE NUGALLÁS. ANTAS DE ULLA. LUGO."

Ademais dos xa adquiridos mediante compra-venta, son os seguintes:


Nº finca	Referencia catastral	Titular catastral	Tipo de solo	Superficie a expropiar (m²)	Outros bens afectados
1	27003A076001550000XH	JOSE CESAR PEREIRO VARELA e HERDEIROS DE FIDEL PEREIRO VARELA	Rústico (Agrario)	3.220	38 ÁRBORES DE FRONDOSAS AUTÓCTONAS. 4 <i>Castanea sativa</i> (Castiñeiro). 34 <i>Quercus robur</i> (Carballos).


5.- PLANO PARCELARIO


Achégase a continuación como **Plano 1**, plano cartográfico xeorreferenciado recollendo o inmovible de referencia catastral 27003A076001550000XH, obxecto deste proceso expropiatorio.

O Xefe de Servizo de Medio Ambiente
(Asinado dixitalmente).

	IV7XSCXINQW4ZLONWMIBNZIU4I	Fecha y Hora	18/04/2024 10:17:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XSCXINQW4ZLONWMIBNZIU4I	Página	2/3





 DEPUTACIÓN DE LUGO	DEPUTACIÓN DE LUGO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE	
	ADQUISICIÓN INMOBLE PARQUE CENTRAL DE GALICIA	
ESCALA: 1:1.000	AUTOR: SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE	FINCA 27003A076001550000XH
	Nº 1	DATA: MARZO 2024

	IV7XSCXINQW4ZLONWMIBNZIU4I	Fecha y Hora	18/04/2024 10:17:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XSCXINQW4ZLONWMIBNZIU4I	Página	3/3

